

HISTORIA DE ESPAÑA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

SISTEMA DE AVALIACIÓN

PORCENTAXE	INSTRUMENTO
· 80% da cualificación	· Exames tipo ABAU : definicións, pregunta teórica , composición histórica (Como norma xeral, un exame por trimestre)
· 20% da cualificación	· Traballo diario baseado en: definicións, preguntas teóricas, composicións de texto histórico, actividades complementarias, etc...
ASPECTOS RELEVANTES: · AVALIACIÓN PROGRESIVA: A avaliación progresiva é aquela na que en cada momento do curso, estase a traballar e avaliar todo o anteriormente traballado ao longo del. Adoptarase este sistema de avaliación para a materia de Historia de España, de feito que o alumnado poderá recuperar/mellorar a súa nota nas sucesivas avaliacións parciais. · Os resultados dos exames e do traballo diario serán rexistrados polo profesorado. · Dadas as limitacións temporais da sesións de clase, os exames poderán ser fraccionados (definicións e teoría nunha sesión e composición histórica noutra). · A ortografía será tida en conta, tanto no traballo diario como nos exames, podendo supoñer neste último caso ata 1 punto menos na cualificación (cada falta de ortografía restará 0,10 puntos). · Se un alumno/a non comparece a un exame debe presentar un xustificante oficial para que se lle realice outro día a proba. De non ser así, entenderase que declina no seu dereito a ser examinado e será cualificado cun cero nese exame. Se a falta está debidamente xustificada realizarase, se é posible, o exame noutra data, e se non fose posible faríase un exame oral a través de videoconferencia. Se un alumno/a, sen causa xustificada, chega tarde a un exame disporá só do tempo que reste para a finalización do mesmo. Se no exame da convocatoria extraordinaria non se presenta á hora establecida, non se lle realizará outro. · Se un alumno/a introduce folios xa escritos ou é sorprendido copiando ou intentando copiar no exame (xa sexa do libro, apuntamentos, <i>chuletas</i> ou mediante o móbil, reloxo...), se lle retirará o exame, que será cualificado cun cero. · En ningún caso haberá probas extra para subir nota.	

CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

No marco da **avaliación progresiva**, o alumnado terá como **nota final ordinaria** a nota da terceira avaliación, composta do 80% das probas escritas e do 20% do traballo diario. Nos casos nos que se produza unha diminución da calificación na terceira avaliación, teranse en conta as notas anteriores, facendo media aritmética entre as tres.

○ **alumnado que suspenda a avaliación ordinaria** terá dereito a realizar unha **proba**

extraordinaria nas datas que se establezan polo centro educativo. A proba escrita será do mesmo tipo que as desenvolvidas ao longo do curso (unha pregunta con catro definicións, outra teórica e unha composición de textos). A proba avaliarase sobre unha nota máxima de 10, e para superala o alumno ou alumna deberá acadar unha nota igual ou superior a un 5.

Entre o período da avaliación final ordinaria e a extraordinaria o alumnado realizará actividades de reforzo, como base para a preparación da proba escrita final.

MÍNIMOS ESIXIBLES

1. **Corrección na expresión oral e escrita**, tanto na forma (caligrafía, marxes, limpeza) como na ortografía, na gramática e no léxico.
2. **Exposición coherente e intelixible** das ideas.
3. **Coñecemento e uso preciso do vocabulario histórico**. Definición e uso correcto dos conceptos.
4. **Coñecemento das características** de cada unha **das etapas da Historia de España**, prestando especial atención á contemporánea.
5. **Coñecemento das diferentes causas e consecuencias dos procesos históricos**. Comprensión e aplicación do concepto de multicausalidade.
6. **Análise do papel dos individuos concretos, dos grupos sociais e dos colectivos** en xeral **nos procesos históricos**.
7. **Capacidade para establecer relación entre as diversas ideoloxías estudadas, as actuacións colectivas ou individuais, os programas das principais organizacións políticas e laborais, a lexislación vixente en cada momento e os intereses dos diferentes grupos sociais**.
8. **Capacidade para obter información dos textos históricos, extraendo as ideas principais, situándoos no seu contexto e deducindo a ideoloxía correspondente**.
9. **Interpretación de gráficos, táboas estatísticas, mapas e ilustracións** (viñetas, fotos, carteis, etc), **situándoos no seu contexto concreto**.
10. **Capacidade para relacionar e/ou comparar varios textos ou documentos históricos, analizando os diferentes puntos de vista que ofrecen** sobre unha determinada cuestión ou permitindo seguir a evolución do tema ao longo do tempo, etc.